



AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA – 2023

Axuda para as persoas traballadoras por conta propia ou autónomas para conciliar a vida familiar e laboral

Orzamento 1.000.000 €

Aberto o prazo desde o 23 de maio ata o 29 de setembro



Persoas beneficiarias

- Persoas traballadoras dadas de alta no RETA, no Réxime Especial de Traballadores do Mar por conta propia ou mutualistas.
- As persoas membros de sociedades e comunidades de bens, a título individual.



Accións subvencionables

Bono Autónomo Concilia I

Apoio á contratación dunha persoa traballadora por conta allea^(*) ou da mesma persoa xa contratada por interinidade por maternidade ou paternidade, realizada unha vez rematado o período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento.

Bono Autónomo Concilia II

Apoio á contratación dunha persoa traballadora por conta allea^(*) para axudarlle no coidado de menores e/ou maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia.

^(*) Contratación dunha persoa desempregada cunha duración mínima de 6 meses e un máximo dun ano e iniciados entre o 1 de outubro de 2022 e o 29 de setembro de 2023

Bono Autónomo Concilia III

Apoio para a contratación dun centro ou dun servizo de coidado^(**) de menores, maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia.

^(**) Servizos prestados entre o 1 de outubro de 2022 e o 29 de setembro de 2023

Requisitos específicos

Para contratacións para apoiar á persoa autónoma no seu negocio. Ter a baixa previa por maternidade ou paternidade ou asimilada.

Ter relación de parentesco ata 2º grao, ou acreditar convivencia como mínimo de 3 meses anteriores á solicitude (excepto menores acollidos).

Ter relación de parentesco ata 2º grao, ou acreditar convivencia como mínimo de 3 meses anteriores á solicitude (excepto menores acollidos).



AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA – 2023



Contía dos apoios

As 3 axudas son compatibles entre si

Bono Autónomo **Concilia I** e Bono Autónomo **Concilia II**

Ata **500€** por mes completo

→ Durante a duración da contratación, cun **máximo de 12 meses**.

O importe máximo a percibir será **6.000 €**

→ Nos casos de duración incerta a subvención será polos meses indicados no Anexo I.

→ Para contratacións a **tempo parcial**, a contía será **proporcional ao tempo efectivo** de traballo.

Bono Autónomo **Concilia III**

O importe máximo a percibir será **3.000 €**

→ O **75% do custo do centro ou servizo** de coidado contratado



Documentación complementaria a presentar

Bono Autónomo **Concilia I**

- Resolución da Seguridade Social no que se indique o período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento.
- Informe de vida laboral correspondente ao mes no que se realice a contratación da persoa traballadora pola que se solicita a subvención.

Bono Autónomo **Concilia I** e Bono Autónomo **Concilia II**

- Informe de vida laboral correspondente ao mes no que se realice a contratación da persoa traballadora pola que se solicita a subvención.
- Contrato de traballo.
- Acreditación de parentesco ou certificado do Rexistro Civil (no caso de acollemento de menores).
- Certificado de discapacidade ou dependencia, se é o caso.

Bono Autónomo **Concilia III**

- Documento acreditativo do custo da mensalidade do centro ou do servizo.
- Acreditación de parentesco ou certificado do Rexistro Civil (no caso de acollemento de menores).
- Certificado de discapacidade ou dependencia, se é o caso.

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 1905|2023



Obrigas das persoas beneficiarias

Bono Autónomo **Concilia I** e Bono Autónomo **Concilia II**

- Deberá **manter á persoa traballadora contratada** pola duración e xornada mínimos polos que se lle concedeu a subvención desde a alta do contrato subvencionado.

Bono Autónomo **Concilia III**

- Xustificar o cumprimento dos requisitos, das condicións e da realización do servizo e acreditar **con facturas e transferencias bancarias** os gastos realizados **constando expresamente o nome, apelidos e DNI/NIE** de persoa beneficiaria da axuda.